

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS E SOCIAS
DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2014

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado,
D. Fernando Acuña Castroviejo, vicepresidente segundo do Padroado,
D. Francisco Fariña Busto, presidente da Xunta Reitora,
D. Lino Lema Bouzas, tesoureiro da Xunta Reitora,
D. Manuel Caamaño Suárez, patrón, vogal da Xunta Reitora,
D^a. Concepción Losada Vázquez, patroa, vogal da Xunta Reitora
D. Carlos García Martínez, director do Museo do Pobo Galego,
D^a. María Xosé Fernández Cerviño, subdirectora do Museo do Pobo Galego,
D. Manuel Vilar Álvarez, secretario do Museo do Pobo Galego,
D^a María José Táboas Baños, en representación de ENGASA, entidade patrocinadora do Museo do Pobo Galego,
D. Enrique Sáez Ponte, en representación da Fundación Juana de Vega, socio protector do Museo do Pobo Galego,
Asociación La Montañesa,
D^a. Esperanza Delgado Rosende,
D^a. Ana Estévez Lavandeira,
D^a. María Jesús Fariña Busto,
D. Severiano Fernández Hervías,
D. Alfredo García Díaz,
D. José Manuel González Monje,
D^a. María Gude Sampedro,
D. Agostiño E. Landeira García,
D. José María Laredo Cordonié,
D^a. Estefanía Lodeiro Paz,
D^a. Pilar Martínez de la Riva,
D. José Francisco Méndez García,
D^a. Rosa Méndez García,
D. Eduardo Otero Iglesias,
D. Xaquín Penas Patiño,
D. Bieito Pérez Outeiriño,
D^a. Ana Porto Ruza,
D. Francisco Puy Muñoz,
D^a. Montserrat Serodio Alonso,
D^a. Elena Varela Arias,
D^a. Xulia Vázquez Randulfe,
D^a. Mari Vega Cerqueiro,
D. Manuel Vilas Tubío,
D. Tino Viz Otero, e
D. Francisco J. Sanjjao Otero, secretario da Xunta Reitora

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

D. Eduardo Rial Barral
Concello de Oleiros
CPI Aurelio Marcelino Rey García

En Santiago de Compostela, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socios, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, coas asistencias e xustificacións de ausencias arriba relacionadas.

Abre a sesión o presidente do Padroado, e procédese a tratar a orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DO 4 DE MAIO DE 2013.

En cumprimento do acordo da Asemblea Xeral de Socios e Socias celebrada o 8 de maio de 2010, a acta estivo a disposición na páxina web do Museo, e foi remitida por correo electrónico a aqueles membros dos que dispoñemos do seu enderezo.

Ao non haber alegacións á acta, apróbase.

2. INFORME DA XUNTA REITORA DO PADROADO.

D. Francisco Fariña, presidente da Xunta Reitora do MPG, toma a palabra e agradece a presenza dos socios e socias presentes, e o apoio que significa participar neste acto do día de hoxe, e presenta o informe das actividades realizadas no período transcorrido dende a Asemblea anual do 2013.

En primeiro lugar, fai constar que os acordos adoptados na anterior Asemblea foron tomados en consideración e déronse os pasos necesarios para facelos operativos.

Comunica que, co fin de facilitar as achegas económicas de socios e socias, xa está dispoñible un mecanismo que permite aboar a cota do Museo en pagos mensuais, trimestrais e semestrais. Fíxase unha achega mínima que pode variar entre as distintas modalidades de pago, debido ao incremento dos gastos da domiciliación bancaria.

Déronse os pasos encamiñados a crear un servizo de voluntariado no MPG que cumpra cos requisitos establecidos na normativa vixente, co que se pretende atender distintas necesidades puntuais, o que permitirá que quen teña interese poida colaborar nas tarefas do Museo.

Entre os aspectos positivos para o Museo destaca as distincións que nos foron concedidas por distintas institucións en recoñecemento ao labor desempeñado neste período:

- Premio da Irmandade Moncho Valcarce pola Promoción da Terra, polo labor na exaltación e promoción da nosa identidade en todos os campos que nos identifican como pobo.
- Pedrón de Ouro, concedido pola Fundación Pedrón de Ouro no 50º aniversario da súa fundación, en mérito do compromiso do Museo do Pobo Galego co patrimonio histórico-antropolóxico de Galicia. Este recoñecemento vincúlase co 25 aniversario do pasamento de Xaquín Lorenzo Fernández, membro sobranceiro e vicepresidente que foi do Pedrón de Ouro e significado impulsor do MPG, e será entregado o vindeiro domingo 18 de maio na Casa Museo de Rosalía de Castro.

Mantivéronse entrevistas puntuais co alcalde do Concello de Santiago e co Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co fin de acadar os recursos para ver de poñer en marcha a execución do Plan Director que deseña o futuro do MPG, pero a escaseza dos recursos dispoñibles impediu comezar con esta tarefa. Sabemos que nunha das últimas xuntanzas do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, adoptouse un acordo para aprobar un plan director do conxunto de San Domingos de Bonaval, cun importe asignado de 59.000,00 €, o que seguramente afectará á prevista renovación estrita do Museo. Agardamos que sexa operativo e poidamos contar con este plan conxunto no vindeiro ano 2015.

O apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que achegou 60.000,00 € para afrontar as obras máis urxentes de conservación no edificio, permitiu resolver o problema das humidades que había no encontro da torre da igrexa co claustro e na sala de pintura, o que permitiu reabrir este espazo.

Quere aproveitar esta asemblea para recoñecer o éxito acadado pola Fundación puntogal e que nos permite dispoñer dun dominio específico para a cultura galega, os dominios .gal, o que dá recoñecemento á nosa comunidade e á nosa cultura na rede virtual. Nesta tarefa o MPG participa dende os seus inicios como unha das entidades impulsoras, e temos como obxectivo que o enderezo museodopobo.gal estea operativo dende a primeira das etapas nas que se poña en funcionamento este dominio.

Ao longo deste período, outro dos nosos obxectivos foi reforzar a colaboración coas empresas galegas e analizar o que a cultura propia de Galicia pode achegar á actividade produtiva das empresas e como contribuír a consecución de novos produtos, que respondendo as necesidades actuais da sociedade sexan fonte de innovación e factor de excelencia. Con este fin levouse a cabo o I Foro Isaac Díaz Pardo, no que se presentaron experiencias de empresas galegas e foráneas sobre produtos desenvolvidos baseándose en elementos da tradición cultural. Neste ano terá lugar a II edición.

Outra liña de traballo é a busca de novos recursos, para que o MPG teña capacidade para poder realizar as súas actividades. Se ben constitúe unha das actividades principais realizadas dende a XR, lamenta que estas xestións non sempre rematen co éxito desexado. Aproveita esta Asemblea para agradecer o seu apoio a patrocinadores e socios protectores da nosa institución, en especial daqueles presentes na sala. Fai extensivo este agradecemento aos socios e socias destacando que grazas á súa participación colaboran na difusión do Museo na sociedade galega ao tempo que achegan recursos económicos, e en moitos casos tamén achegan o seu traballo e colaboración na realización de distintos proxectos.

Dende o punto de vista da proxección social, quere destacar a presenza que mantén o MPG nas redes sociais, grazas ao traballo e esforzo do persoal implicado nesta tarefa. Unha mostra foi a participación do MPG na *Museumweek* realizada pola Comisión de Museos de Europa a nivel europeo en *twitter*, na que se visibilizou o noso museo nesta rede social promovendo a interacción cos internautas, e que tivo gran éxito entre o público.

Tamén informa que dende o Museo se apoia o labor da Fundación Antonio Fraguas Fraguas que, co fin de alentar entre a comunidade escolar un traballo sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento da lingua e do medio e á valorización dos máis diversos elementos do noso acervo cultural, e coa colaboración da Consellería de Cultura, convocou a IX edición do Proxecto Didáctico,. Seguindo a liña marcada por D. Antonio, está encamiñado á realización dun programa de pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico do contorno inmediato entre os centros escolares de Galicia.

A continuación o presidente da XR cede a palabra ao tesoureiro para que informe da situación financeira e económica da nosa Asociación, así como do Peche de Contas do Exercicio 2013 e das previsións para o Exercicio 2014.

En primeiro lugar, presenta as principais cifras do *Peche de Contas do Exercicio 2013*, que vai presentarse á Asemblea do Padroado do vindeiro 24 de maio para a súa aprobación, que presentan unha lixeira melloría respecto das do ano 2012, xa que malia a diminución das vendas, subiu a recadación por cotas de socios e socias.

Destaca que en canto ás cotas percibidas, está moi equilibrada a contía do achegado polos membros do Padroado e polos nosos socios e socias. Malia os esforzos realizados, as cotas dos concellos seguen a ser escasas, e salienta en cambio o aumento acadado na achega de patrocinadores e socios protectores.

En canto ás subvencións e doazóns, a máis elevada é a achega nominal que recibimos da Xunta de Galicia, para gastos correntes e para gastos de capital. Tamén se percibe unha subvención finalista do Concello de Santiago de Compostela para a realización de actividades, e inclúe neste capítulo as achegas de socios e socias para actividades específicas, como a edición do número anual da revista ADRA.

Os ingresos por actividades propias corresponden esencialmente ao recadado por entradas, que neste exercicio 2013 foron semellantes aos do exercicio anterior.

En canto aos gastos, houbo unha redución sensible nalgunhas partidas (aluguer da nave para almacén, servizos profesionais, prima de seguros, gastos de persoal, gastos financeiros). En investimentos mantívose o nivel do ano 2012 tanto no que corresponde a exposicións e congresos como a outros investimentos. A optimización da xornada de traballo do persoal permitiu recorrer menos ás contratacións puntuais, o que permitiu unha redución do custo tanto nos salarios como na seguridade social. O recurso a unha póliza de crédito para atender necesidades de tesourería elevou os gastos financeiros até os 7.499,74 euros, inferiores aos do exercicio 2012.

O resultado final do exercicio foi un pequeno desequilibrio entre ingresos e gastos de 3.392,75 euros cun resultado negativo de 10.618,38 € na conta de perdas e ganancias, se ben neste exercicio se reduciu boa parte do déficit que se arrastraba de anos anteriores, e agarda no futuro poder chegar a equilibrar o orzamento.

En segundo lugar, comenta as principais partidas do *Orzamento para o exercicio 2014*, que presenta unha lixeira diminución sobre os ingresos do exercicio 2013, até situarse nos 483.939,00 euros.

Destaca que os ingresos propios acadan o 36,57% do total, con parellos ingresos de cotas de socios e socias e de patróns, mesmo cunha lixeira diferenza en favor dos primeiros. Os ingresos por subvencións e outros ingresos finalistas mantéñense no mesmo nivel. En canto aos ingresos de actividades (entradas na billeteira), recóllese unha previsión prudente pola caída na recadación dende a implantación do pago de entradas polo deterioro da situación económica xeral. Agarda que, despois da caída destes ingresos nos anos 2012 e 2013, no ano 2014 estean parellos aos do exercicio anterior.

En canto aos gastos, hai algún incremento na execución dos gastos de persoal pola necesidade de cubrir substitución e baixas, e tamén aumentan os gastos para investigación e desenvolvemento de actividades. Pola contra, redúcense os gastos en compras, arrendamentos e investimentos. Agarda poder reducir os gastos financeiros neste exercicio grazas á renegociación cuns xuros máis baixos da póliza de crédito que permite o funcionamento ordinario do museo, e ao sistema de pago máis regular da Xunta de Galicia, que permitirá ter unha menor dispoñibilidade da póliza de crédito.

En terceiro lugar, fai un breve balance da situación financeira do Museo, e afirma que nestes momentos a situación de xestión é moi axustada, en canto non dispoñemos de marxe para acometer algunhas actividades que se poderían facer. No conxunto é unha situación tranquila, pois podemos facer fronte ás principais obrigas e non hai problemas de financiamento global nin de funcionamento de tesourería, fronte ao que pasou nos exercicios anteriores ao 2013.

Funcionar cos recursos mínimos, por baixo dos que sería imposible mantelo, obriga a que nalgunhas ocasións non se poidan ter abertas todas as salas nin se poidan acometer novas actividades. De cara ao futuro considera que é un tema que hai que resolver.

Entre as liñas a seguir, se ben hai que facer un esforzo para acadar os obxectivos marcados, destaca que a campaña de busca de novos socios e socias vai funcionando razoablemente ben, e cada vez máis persoas fixan cotas en prazos distintos ao único pagamento anual, en case todos os casos fixando unhas cotas máis elevadas que o mínimo. Destaca que segue a ser moi importante aumentar o número de socios e socias, e diríxese á Asemblea para solicitar a súa colaboración neste propósito. Para tal fin fixéronse novos boletíns de inscrición, que están na entrada en formato papel a disposición de quen teña interese, e que tamén poden descargarse na nosa páxina virtual.

Rematada a intervención do tesoureiro, retoma a palabra o presidente da XR e sométese á Asemblea para responder a calquera pregunta ou aclaración sobre o informe presentado.

O presidente do Padroado, abre a continuación unha rolda de intervencións entre quen están presentes na sala. Non hai ningunha intervención e pásase ao seguinte punto na orde do día.

3. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

Neste punto toma a palabra a subdirectora do Museo, por delegación do director, D. Carlos García Martínez, e manifesta que vai presentar un resumo das actividades realizadas dende xuño de 2013 a abril de 2014. Destaca que malia os escasos recursos dos que se dispón, están a facerse numerosas actividades, grazas especialmente ao esforzo e traballo do exíguo persoal do que dispoñemos así como de socios e socias e persoas voluntarias que colaboran co Museo.

Destaca que o informe está a disposición de quen teña interese en consultalo no repositorio de documentos da páxina virtual da nosa institución, e procede á súa presentación diante da asemblea (ANEXO 1).

A continuación destaca que dende o Ano Xubilar de 2010 vén observándose un importante descenso no número de visitantes, que se estabilizou nunha media de 50.000 visitantes anuais. Este descenso está presente en todas as actividades culturais nesta época, e no noso caso tamén hai que lembrar que se implantou o pago de entrada para visitar as coleccións permanentes, se ben agarda que se incremente no futuro. Agarda que ás exposicións temporais programadas, gratuítas para os visitantes, contribúan a tal fin.

Ao remate da súa intervención, cede a palabra á coordinadora do APOI, D^a. Concepción Losada Vázquez, quen presenta á Asemblea a ferramenta do APOI, mostrando o seu funcionamento e as vías de acceso ás pezas musicais dispoñibles. Ao finalizar fai un convite aos socios e socias para que accedan ao APOI, ao tempo de solicitarlles que contribúan á súa difusión entre as súas amizades que poidan estar interesadas en consultalo, e ponse á disposición de quen queira adquirir máis información neste tema.

O presidente do Padroado, pregunta se algún dos presentes na sala quere intervir neste punto. Non hai ningunha intervención e pásase ao seguinte punto na orde do día.

4. INFORME DA OFICINA DOS SOCIOS E SOCIAS

En representación da Oficina dos Socios e Socias toma a palabra a representante no Padroado, D^a. María Mercedes Vega Cerqueiro, e informa das actividades que pretenden impulsar:

- Achegan a idea de manter unha tenda virtual do Museo co fin de xerar ingresos. E van proceder a deseñar camisetas botando man dos elementos gráficos dos que o teñamos os dereitos, co fin ademais de contribuír á difusión do MPG.
- Está en proceso de impresión o vindeiro número da revista ADRA e xa están recollendo materiais para o seguinte.
- Tentarán continuar coas xeirais culturais para socios e socias, e agardan facelas con maior continuidade.
- Campaña de captación de socios e socias: xa se acadou un 20 % do obxectivo pretendido, tentarase dar máis publicidade e promoción á campaña, para mellorar os seus resultados.
- Charlas temáticas: D^a. Esperanza Delgado Rosende encárgase da súa organización. Solicitan a colaboración de socios e socias para a programación destas actividades.
- Exposición de fotografía etnográfica *Entre amigos*: cara o ano 2015 vai celebrarse a vindeira exposición bienal, polo que solicita a socios e socias que preparen as súas colaboracións na mesma.

Rematada a intervención da representante dos socios e socias, o presidente da Asemblea cede a palabra á subdirectora do Museo para que trate da proposta remitida o pasado mércores a través dun correo electrónico por D. Miguel Louzao Outeiro, director do CPI Aurelio Marcelino Rey García, socio institucional do MPG, do que se recolle o seu contido a continuación.

“Despois do chamado de urxencia económica enviado á sociedade pola súa institución a fins do curso pasado, eu, como director do CPI Aurelio Marcelino Rey García, propúxenlle ao centro que nos fixeramos socios do Museo do Pobo Galego porque nos parece unha dignísima institución que entre todos debemos axudar a conservar e manter.

“Despois de facérmonos socios, tiñamos xa prevista unha visita ao teatro a Santiago de Compostela, polo que decidimos ir tamén na mesma mañá ao MPG. A nosa sorpresa foi saber que, despois de que nos atendesen moi amablemente desde a área de educación do MPG, como centro asociado non tiñamos ningunha vantaxe sobre aqueles centros que non o son. Nin un ofrecemento especial para o aproveitamento didáctico do alumnado, que é do que se trata ao fin e ao cabo.

O meu problema vai estar cando no próximo ano teñamos que renovar a cota anual de socios, como vou xustificar o pagamento de 150 euros anuais perante o claustro cando, como centro, non nos outorga ningún servizo a maiores? Nin sequera unha deferencia cara o alumnado.

É por iso polo que lles escribo, para que, se é posible, nesta asemblea, á que por cuestións persoais non poderei asistir, traten este tema e lle dean unha solución satisfactoria para todos.”

En resposta, a dirección do Museo respondeu cun correo electrónico asinado polo director do MPG, do que se recolle o seu contido a continuación:

“Recibida súa mensaxe, transmitirémola segundo o seu desexo á asemblea de socios e socias do próximo día 10. Así mesmo, esta dirección someterá o asunto á Xunta Reitora na sesión do día 14 de abril para que se tomen as resolucións oportunas.

Con todo, e a reserva dunha posterior aclaración por extenso, quero manifestarlle que entre os servizos que o MPG presta aos seus socios institucionais cóntanse o uso da biblioteca e a videoteca con fins didácticos, a cesión de exposicións temporais e materiais etnográficos e bibliográficos dos nosos fondos de reserva, tamén con fins educativos, a doazón de publicacións do noso fondo de duplicados, o uso preferente das nosas dependencias, a organización de charlas, etcétera.

Estamos á súa disposición para concretar todas estas propostas, sen prexuízo do que a Xunta Reitora acorde ao respecto.

Agradecendo o seu interese, saúdo cordialmente,

Carlos García Martínez, director”

A subdirectora do MPG tamén declara que, a reserva do que se trate na XR, a dirección do MPG acordou con urxencia redactar unha carta detallada onde se recollan as contrapartidas e beneficios que se lle ofrecen aos socios institucionais polo seu apoio ao MPG.

O presidente do Padroado di que se un socio institucional, neste caso un instituto, non acadara ningunha contrapartida polo pagamento da súa cota, isto supón un erro na imaxe do Museo, e non favorece a entrada de novos centros educativos como socios. Estima que, cando menos, deberían ter gratis as visitas guiadas, que non supoñen nin 20 euros de ingresos. En

todo caso parécelle ben a iniciativa da dirección de facerlles constar as vantaxes desta asociación co Museo.

Varias intervencións de socios e socias presentes adhírense á proposta apuntando que non se lles debe cobrar entrada aos socios institucionais. O director do MPG lembra que na mesma situación están os concellos, e propón que se inclúan as visitas organizadas polos concellos que sexan socios, así como que se fagan boletíns de inscrición específicos para socios institucionais onde se lle especifique cales son os beneficios que terán estes centros, e que son distintos dos que teñen os centros que non son socios, e solicita que a XR proceda a esta medida.

O director da XR asume como súa a proposta e manifesta que unha vez adoptada esta decisión, os dereitos específicos de socios e socias individuais, e de socios institucionais figurarán na nosa páxina web e serán difundidos a través dos medios virtuais.

O socios Xaquín Penas Patiño, interésase polo número de centros de ensino que son socios institucionais do MPG, e propón que ao comezo do vindeiro curso se lles envíe información, explicándolles as vantaxes de ser socios do MPG.

5. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

Non hai.

O presidente do Padroado agradece aos presentes a súa asistencia e, non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:05 horas, de todo o que como Secretario dou fe.

Rematada a sesión procédese á IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO AS SOCIAS E SOCIOS CON 25 ANOS DE ANTIGÜIDADE.

Reciben a insignia, por cumpriren con tal condición:

945	BOUZON SALGADO, M. EUGENIA	951	PEREZ LLOVERES, SONSOLES
950	FERNANDEZ NOGUEIRA, EMMA	944	REGUEIRO MUÑOZ, BENJAMIN V.
946	GARCIA DIAZ, ALFREDO	947	VARELA PUGA, M. ROSA
938	GUDE SAMPEDRO, MARIA	943	VAZQUEZ AGRA, MANUEL
942	MARTINEZ DE LA RIVA RICO, PILAR		

O presidente do Padroado agradece en nome do MPG a fidelidade dos socios e socias que reciben esta homenaxe no apoio a esta institución.

Vº e praxe, o presidente,

Justo Beramendi González

Fco. Javier Sanjiao Otero

ANEXO 1: MEMORIA DE ACTIVIDADES DO MUSEO MAIO 2013 – ABRIL 2014

O ano que vai desde a última asemblea de socias e socios foi abondoso en recoñecementos ao labor do Museo.

No seu momento xa se deu conta da concesión do Trofeo Galeguidade 2013, da Enxebre Orde da Vieira dos Galegos en Madrid, así como da Medalla de Honra concedida polo Centro Galego de Barcelona.

A Irmandade Moncho Valcarce, que celebrou o 20 aniversario do falecemento do crego que dedicou a súa vida a loitar polos máis débiles e defender a identidade de Galicia, acordou outorgarlle ao Museo o Premio Moncho Valcarce pola Promoción da Terra, pola súa dilatada e inxente labor na exaltación e promoción da nosa identidade en todos os campos que nos identifican como pobo. O 31 de agosto celebrouse nas Encrobas un acto no que o presidente do Padroado recolleu o galardón.

O 25 de xaneiro, na sede da Real Academia Gallega de Bellas Artes na Coruña, entregouse a Medalla de Honor ao Museo do Pobo Galego, recoñecendo a loita que o Museo vén levando a cabo, desde a súa fundación en 1976, na investigación, conservación, divulgación e promoción da cultura galega en todos os ámbitos, concedendo unha especial importancia aos aspectos antropolóxicos do pobo galego.

A Fundación do Pedrón de Ouro, que conmemora en 2014 o 50 aniversario da súa fundación, concedeulle ao Museo do Pobo Galego o Pedrón de Ouro. O Pedrón de Honra foi para a arqueóloga portuguesa Teresa Soeiro, socia do Museo. A entrega vai ter lugar na Casa da Matanza o próximo domingo 18 de maio.

Por outro lado, o programa educativo do MPG foi elixido para valoración dentro do Proxecto Ciencia e Innovación I+d+i que fai o Ministerio de Cultura en España. A directora do estudo, Roser Calaf, presentou unha primeira valoración moi positiva, que no seu momento poderemos utilizar e dar a coñecer á sociedade.

1. OBRAS E INSTALACIÓNS

Colocáronse os pasamáns nas escaleiras da entrada, sala do mar, auditorio, escaleira principal e acceso do claustro alto ao coro.

Reposición e pintado da carpintería de fiestras da ala sur.

Instalouse un novo sistema de vixilancia con cámaras para gravar.

A cargo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria procedeuse a un mantemento de urxencia das cubertas na zona de contacto coa igrexa, para solucionar os problemas de entrada de auga nesa zona.

2. DEPTO. DE CONSERVACIÓN

Total rexistros: 11.688

Ingresos (maio 2013 – abril 2014): 78

Doazóns: 70

Compras: 6

Depósitos: 2

DOAZÓNS

FAMILIA VILARIÑO PINTOS: Conxunto de 20 pezas de indumentaria e complementos femininos que pertenceran á nai (Daría Pintos Castro) e mais a bisavoa (Daría Rodríguez Abente) dos doadores.

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ: Un conxunto de 18 pezas, que inclúe ferramentas agrícolas, útiles domésticos e obxectos relixiosos, como un pano do sacramento, para levar o viático aos defunto, procedente de Urdilde pero realizado en Cuba cara a 1880.

FERNANDO VÁZQUEZ IGLESIAS: Varias ferramentas da carpintería que o seu avó, Francisco Iglesias Paredes, tiña en Luou, unha báscula para pesar fabas do seu sogro e unha máquina de escribir que pertencera a un tío seu que fora oficial nos concellos de Zas e de Teo.

PILAR GALLEGO DOMÍNGUEZ: Medidas e patróns de xastre que empregaban na xastrería do seu pai M. Gallego en Ourense, continuada logo polo seu irmán, e que foron empregadas entre 1910 e 1960

NICO CAMPOS RIPOLL: Tres pezas de olería galega procedentes de Buño, Mondoñedo e Niñodagua.

DEPÓSITOS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA: Un xogo de cama adornado con encaixe de Camariñas que a comerciante de Ponte do Porto, Dña. Dolores Miñones de Lacy presentara á Exposición Regional Gallega de 1909. O depósito inclúe a Medalla de Ouro da Exposición concedida á esta peza.

COMPRA

Un traxe de acristianar de batista adornado con bordados, feito en 1918.

BAIXA

No mes de marzo foi retirada a colección de gravados e pranchas orixinais do legado de D. Fermín Bouza Brey.

Relación de doadores (maio 2013 – abril 2014)

Fernando ACUÑA CASTROVIEJO
Nico CAMPOS RIPOLL
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
FAMILIA VILARIÑO PINTOS
M^a Xosé FERNÁNDEZ CERVIÑO
Josefa GALLARDO FREIRE
Pilar GALLEGO DOMINGUEZ
Clodio GONZÁLEZ PÉREZ
Lino LEMA BOUZAS
Xoán Ramón MARÍN MARTÍNEZ
Fernando VÁZQUEZ IGLESIAS

PRÉSTAMOS EXPOSICIÓNS

- *As xoias e o seu reflexo*, organizada polo Museo de Pontevedra: colgante gardapelo con imaxe de nena morta de 1826
- *Auga doce*, organizada pola Cidade da Cultura: un par de zocas de madeira

CONSULTAS E REPRODUCCIÓN DE FONDOS

Total consultas: 52

Tipo de solicitantes:

Entidades	19
Particulares	24
Empresas de xestión cultural	9

Institucións e Asociacións que consultaron

AGAL, Associação Galega da Língua
Concello de Avilés
Concello de Santiago de Compostela.
Federación Galega para a Cultura Marítima e Fluvial
Marea, Museo da Memoria Mariñeira de Porto do Son
Museo Arqueolóxico de Vilalba

Museo de Pontevedra
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

PRÁCTICAS DE FOTOGRAFÍA. ESCOLA DE ARTES E OFICIOS MESTRE MATEO

Durante o mes de abril Susana Silva, alumna de Ciclo Superior de Fotografía Artística, realizou prácticas de fotografía, fotografando pezas da colección do Museo así como diferentes actos e actividades que tiveron lugar neste período.

VISITAS ESPECIALIZADAS

Atendéronse visitas especializadas a diferentes grupos, que versaron sobre os temas de tecido, con visita a exposición *Co pé na premedeira*, e de indumentaria. Os grupos atendidos foron os seguintes:

- Vai de roda. Asociación de música e baile tradicional de Rianxo.
- USC. Alumnos de Etnoarqueoloxía e Arqueoloxía experimental, profesora Josefa Rey Castiñeira
- Escola de EASD Mestre Mateo. Alumnos de Deseño de Moda, profesora Silvia García
- CIFP Paseo das Pontes da Coruña. Alumnos de Deseño e patronaxe, profesora Manuela Romero

OBRADOIRO DE TECIDO

A exposición *Co pé na premedeira* clausurouse coa actividade didáctica *Tecendo no meu tear*, dirixida a nenas e nenos de 5 a 12 anos, que estiveron tecendo en teares simples. A xornada de clausura, que incluía unha demostración do funcionamento do tear a cargo de Amalia Fernández Prieto, rematou coa actuación da Asociación Cultural Tamparrantán de Santo André de Veá.

COLABORADORES

- Amalia Fernández Prieto
- Alexa García Pose
- Antón López Gil
- Daniel Mosqueda Cerrato
- Manuel Rodríguez Calviño

3. BIBLIOTECA

INGRESOS

Durante este período os ingresos por doazón, lonxe de diminuír, seguiron en aumento se ben cambiaron os doadores, menos ingresos institucionais pero as pequenas aportacións individuais manteñen o nivel de anos anteriores.

- Enrique Sáez Ponte fixo entrega dunha colección de carteis e almanaques de temática política, a maioría do PSG.
- Editorial Polaquia cedeu unha serie de publicacións da súa produción. Esta editorial, hoxe pechada, destacou por seren a primeira en comezar a editar banda deseñada en galego.
- Clodio González Pérez, a máis da súa colección cartográfica, vén entregando libros e revistas, que nestes momentos acadan xa os 600 volumes.
- Fernando Acuña Castroviejo fixo tamén substanciais doazóns tanto de libros e revistas como de documentos de variada temática.

Así mesmo, socios como José Ángel Rozados, que como filatélico que é anda sempre á procura de selos e carimbos postais referentes a Galiza para mandalos ao Museo; Eusebio Rey Seara ou Miguel Anxo Seixas entregaron dúas interesantes coleccións de revistas; Xesús Devesa trouxo tres mapas feitos por José López Redondo con todos os afundimentos habidos na costas galegas.

Tamén se recibiron doazóns dos patróns Justo Beramendi, María Xosé Fernández Cerviño, Francisco Fariña, Xosé M. González Reboredo e Fuco Sanjiao, e asinouse tamén co Club Nacionalista Alén Nós a acta de depósito do seu fondo documental e dalgunhas pezas de mobiliario.

MONOGRAFIAS

Doazóns e Depósitos	651
Adquisicións	0
Intercambios	109
Produción propia	1
Total maio-abril	761
Total Rex. Bibliográficos	57.693
Total volumes	68.689

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

O número de revistas en curso apenas aumentou, pois por un lado algunha revistas pasaron a formato dixital (aínda non contabilizado) e parte importante das doazóns son exemplares soltos que completan ou continúan as revistas xa existentes. Este ano non foi posible informatizar os exemplares por falta de tempo, polo que o cómputo de exemplares non está ao día.

Total de revistas	1.997
Revistas en curso	190
Total de exemplares	45.450

PROCESO TÉCNICO E RECURSOS HUMANOS

O persoal da Biblioteca é, como noutros departamentos, insuficiente pero grazas á importante colaboración desinteresada deste equipo de persoas podemos manter case ao día a colección bibliográfica do Museo e ir catalogando e informatizando os fondos procedentes das bibliotecas privadas, ao tempo que se tenta ordenar e clasificar o arquivo.

- María Virtudes Pardo Gómez, con 9 horas semanais presenciais, leva a cabo a catalogación e informatización da Biblioteca Baltar, a máis de prestar asesoramento en cuestións de biblioteconomía.
- María Tilve Costas continúa coas tarefas de clasificación e organización da hemeroteca do Museo (9 horas semanais).
- María Castro Calvo iniciou a súa colaboración no mes de xaneiro de 2014, axúdanos nas tarefas de rexistro e clasificación cartográfica (4 horas semanais)
- Xosé Manuel González Monje, desde mediados de xullo ata o mes de outubro foi contratado a media xornada (12 horas semanais) para a catalogación da colección cartográfica de Clodio González Pérez. A partir desta data a súa colaboración continúa, aínda que de xeito esporádico.
- Ana Isabel Mateos Vara cooperou na catalogación dos fondos de recente incorporación (4 horas semanais) ata o mes de abril deste ano. Razóns laborais non lle permiten seguir colaborando con nós polo de agora.
- Judit Furelos Couselo participou activamente na elaboración das fichas bio-bibliográficas e na montaxe da exposición *Humoroteca Baltar*.
- Laura M^a Freire Fábregas, titulada en piano, rematada a catalogación das partituras da colección de Rosita López Comunión, seguiu colaborando ata o mes de decembro.

SERVIZOS

As consultas por correo electrónico, telefónicas e en sala seguen aumentando, se ben son as consultas de arquivo as que tiveron un incremento maior. Durante este período foron consultados os arquivos de Blanco-Cicerón, Fraguas, Martull, M. Beiras e o do propio Museo.

- Temática:
 - Antropoloxía: música popular, etnobotánica, oficios, pesca...
 - Historia de xénero, monografías locais, literatura.
 - Documentación e bibliografía sobre: Rodríguez Fraiz, Vicente Risco, Filgueira Valverde, Federico Maciñeira, Manuel Beiras
- Entidades:

- Universidade de Florida (EEUU)
- Universidade de Gottingen (Alemaña)
- Universidade de Kiel (Alemaña)
- Universidad de Oviedo
- Universitat de Barcelona
- Universidade Lusitana do Porto
- Universidade Politécnica de Madrid
- Universidade de Santiago:
 - i. Fac. De historia
 - ii. Ciencias empresariais e turismo
- Universidade de Vigo: Belas Artes Pontevedra
- Universidade da Coruña: Campus de Ferrol
- Centro Ramón Piñeiro
- Centro de Investigación Forestal de Lourizán
- Consello da Cultura Galega
- Arquivo do Reino de Galicia
- Instituto Padre Sarmiento
- Museo Marea (Porto do Son)
- Museo Marco de Vigo
- Fundación Gaiás (Biblioteca de Galicia)
- Escola de Artes e Oficios Mestre Máteo
- Concello da Serra de Outes
- Editorial Canela (A Coruña)
- Editorial Alvarellos
- Empresas de xestión cultural

Préstamo e reprodución de fondos:

- Exposición *Elías Valiña. El renacimiento del Camino*, que tivo lugar do 12 de setembro ó 5 de outubro, no Salón Noble del Palacio del Condestable. Iruña. Organizada pola S. A. Xestión do Plan Xacobeo
- *Exposición Bibliográfica conmemorativa do 50 aniversario da publicación da Compilación do Dereito Civil de Galicia*, que se está a celebrar na Biblioteca Concepción Arenal da USC.
- O arpista e musicólogo Manuel Vilas e a actriz Mónica de Nut, utilización dous pergameos de cantorais para o vídeo de presentación do seu traballo músico-literario *La palabra oculta*.
- Exposición *Rosalía e o seu mundo* que tivo lugar do 24 de febreiro ao 11 de marzo no IES Antonio Fragua de Santiago.

Visitas (atendidas pola Biblioteca)

- Familia Rodríguez Fraiz
- Director da Biblioteca do Instituto Teolóxico Compostelán, Benito Méndez Fernández
- Universidade de Vigo. 60 alumnos de Pedagogía acompañados polo profesor Antón Costa Rico

INSTITUCIÓNS

Arch. Relig. Imag. (Val.)
 Asoc. de Escrit. en Lingua Galega
 Ateneo de Santiago
 Casa das Artes (Vigo)
 Centro de Estudos Extremeños
 Centro de Estudos Mindonienses
 Colexio Manuel Peleteiro
 Colexio Oficial de Xoiarúa
 Concello da Guarda
 Concello de Arteixo
 Concello de Pobra do Caramiñal
 Consello da Cultura Galega
 Consorcio da Cidade de Santiago
 Dep. Prov. da Coruña

Dep. Prov. de Lugo
 Dep. Prov. de Ourense
 Dep. Prov. de Pontevedra
 Edicións Positivas
 Editorial Polaquia
 Eixo Atlántico
 Fundación Bautista Álvarez
 Fundación Gaiás. Hemeroteca
 Fundación Pedro Barrié de La Maza
 Fundación Vicente Risco
 Grupo Filatélico de Noia
 Grupo Marcelo Macías
 Inst. de las Identidades. Salamanca
 Instituto Geológico y Minero.

J. de Andalucía. D.G. Patrimonio
Librería Follas Novas
Musée du Carnaval et du Masque Binche (Bélxica)
Museo Arq. Prov. de Ourense
Museo Arqueolóxico de Alicante
Museo Castro de Viladonga
Museo de BB AA da Coruña
Museo de Betanzos
Museo de Peregrinacións
Museo de Pontevedra
Museo Etnográfico de Castilla y León
Museo Etnolóxico J. Caro Baroja
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Museo Mpal. de Lalín

Museo Provincial de Lugo
Museu de Olaria de Barcelos
Museu de Penafiel
Muséu del Pueblu d'Asturies
Museu Valencià d'Etnologia
Real Academia Galega
Real Inst. Estudios Asturianos
Seminario Diocesano (Lugo)
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago
Universidade de Vigo
Università di Perugia. "Compostellani"
Xunta de Galicia. D.X Arquivos

Doazóns particulares

Acuña Castroviejo, F.
Álvarez, Aser
Arias, Rosario
Baltar Domínguez, J
Bas López, B.
Beramendi, J.
Blanco Rodríguez, L.
Carrero Santamaría, E.
Carrete, M.
Cerrato Álvarez,
Dios, Raquel
Estévez Fernández, X.
Fariña Busto, F.
Fernández Cerviño, M^aX.
Fernández Valdeorras, C.
García García, C.J.
García-Orellán, R.

González Pérez, C.
González Reboredo
Hernández Borge, J.
Labrador Herraiz, J.J.
Lema, L.
Lestón González, V.
Llovo, S.
Méndez García, R.
Piqueras Expósito, A.*
Rabuñal, A.
Sáez Ponte, E.
Sáenz-Chas, B.
Sanjiao Otero, F.
Seixas, Miguel A.
Vilar Álvarez, M.
Villanueva, C.
Yzquierdo Perrín, R.

4. EXPOSICIÓNS

Entre maio de 2013 e abril de 2014 organizáronse trece exposicións temporais, seis delas de produción propia e as restantes por convenio con outras entidades:

Entre amigos

4 maio-2 xuño 2013

VII edición da mostra fotográfica bianual dos socios e socias do Museo do Pobo Galego.

A última polavila. Fotografías de Vicente Ansola

30 maio-7 xullo

Imaxes do fotógrafo cántabro, coñecido como "o retratista de Vilaeimil" por terras da Pontenova, onde reside temporalmente e traballa desde hai anos. Parte das imaxes forman parte da reportaxe que gañou o premio Hasselblad. A mostra visitou logo o festival de Ortigueira e Viveiro.

A imaxe reb/velada 2012. Debuxos e fotografías de Baldomero Pestana

5 xuño-14 xullo. Organizan: Museo do Pobo Galego en colaboración coa Vicepresidencia primeira da Deputación de Lugo e a Rede Museística Provincial

Obra deste artista lucense que viviu os seus primeiros 90 anos entre América Latina e París. A parte de fotografía exhibiuse logo en Ourense, no marco do Outono Fotográfico.

MARaVIÑAS. Quintana Martelo

11 xullo-1 setembro. Co patrocinio do Concello de Poio

Manuel Quintana Martelo realiza en torno á figura de Manuel Viñas, un pescador de Campelo, Poio, un proxecto que conxuga pintura, escultura e antropoloxía. No acto inaugural estiveron presentes dúas concelleiras de Poio, o Secretario Xeral de Cultura e o presidente do Padroado do MPG. A seguir expúxose no Concello de Poio.

O Diálogo creador. Deseño e Tradición cultural

18 xullo-6 setembro. Organizan: ESDEMGGA (Estudos Superiores de Deseño e Moda de Galicia) – Universidade de Vigo e Museo do Pobo Galego. Colaboran: Xunta de Galicia, a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño e Tracker laboratorio visual.

Un itinerario polos espazos do MPG no que pezas de deseño e moda contemporánea dialogaron coa nosa colección.

Saberes, sabores e sons de Venezuela

19 setembro-29 outubro. Organiza: Goberno de la República Bolivariana de Venezuela, a Xunta de Galicia e o Museo do Pobo Galego, coa colaboración da Universidad Pedagógica Experimental Libertador e outras institucións venezolanas.

8º Proxecto didáctico Antonio Fraguas

16 novembro-31 decembro

Mostra dos traballos premiados na convocatoria 2012-2013: “Fortes da Guerra de Restauración en Vila Nova de Cerveira e Tomiño, patrimonio inmaterial”, do CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián, na modalidade de ensino primario; e “Outear” do IES Poeta Añón de Outes, proxecto de recuperación patrimonial, na de ensino secundario

Humoroteca. O humor gráfico na Biblioteca Baltar (1894-1986)

4 decembro-19 xaneiro 2014

Mostra comisariada pola responsable da Biblioteca, Rosa Méndez, coa colaboración de Mariví Pardo e Judit Furelos. Tamén contribuíron Mercedes Rozas e Manuel Vilar.

Co pé na premedeira

23 xaneiro-23 marzo

Cos fondos propios do Museo, o departamento de Conservación organizou unha nova exposición para dar a coñecer a interesante colección de cobertores que se garda nas salas de reserva, así como o conxunto cedido por dona Olga Matalobos Riveira composto polo obradoiro completo da súa tía Erundina Riveira, tecedeira do lugar de Paramá en Santo André de Veá.

Esta exposición non tería sido posible sen a colaboración de Manuel Rodríguez Calviño na coordinación técnica, de Amalia Fernández Prieto para montaxe e funcionamento do tear e de todo o obradoiro da tecedeira, e de Alexa García Pose, Antón López Gil e Daniel Mosqueda Cerrato na preparación e realización do obradoiro didáctico.

Baltasar Fernández Cue. Galería fotográfica de tipos populares (1891-1894)

13 febreiro-30 marzo. Organiza: Muséu del Pueblu d’Asturies

A carreira de Baltasar Cue como fotógrafo profesional foi breve pero, sen dúbida, trátase dun dos máis singulares protagonistas do desenvolvemento da fotografía no oriente de Asturias, con centro en Llanes, vila natal do fotógrafo.

A vangarda das formas. Obra cerámica de Díaz Pardo

23 abril-31 agosto. Mostra producida pola Rede Museística Provincial de Lugo. Comisarios: Teresa Pena e Fernando Arribas

A través de máis de 350 pezas, a mostra percorre a traxectoria creativa de Isaac Díaz Pardo no campo da cerámica, abranguendo un período cronolóxico desde 1947 ata 2006, con obras das tres fábricas que fundou e dirixiu: O Castro, Magdalena (Arxentina) e Sargadelos. Amósanse por primeira vez bosquexos orixinais dalgunhas das pezas expostas. Moitas destas obras son descoñecidas, e outras son prototipos que non se chegaron a producir ou pezas que están fóra do mercado desde hai moitos anos.

MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS

Letras Galegas 2013. Roberto Vidal Bolaño

Con motivo de dedicarse este ano o Día das Letras galegas ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, a Biblioteca produciu unha mostra bibliográfica sobre o autor e actor compostelán. Exhibíronse as diferentes edicións da obra teatral de Vidal Bolaño, mesmo o texto mecanografado dalgunha delas, e obras que fan referencia ao seu papel na historia do teatro galego.

Letras Galegas 2014. Xosé María Díaz Castro

Desde hoxe e ata fin de mes estará aberta a mostra bibliográfica dedicada ao autor protagonista do Día das Letras galegas 2014. Díaz Castro é un autor de produción escasa, pero a mostra irá incorporando as diferentes edicións conmemorativas que, como adoita suceder cada ano, aparecen ao longo do mes.

ITINERANCIAS

Os paneis da exposición *Na Flor da Pel*, estiveron na Biblioteca Municipal de Verín do 28 de xaneiro ao 23 de marzo e na Biblioteca Municipal de Chaves (Portugal) do 24 de marzo ao 27 de abril.

A exposición *Galicia nos mapas antigos. Colección cartográfica Clodio González Pérez* exhibese na Fundación Rodríguez Iglesias (socio protector) na Coruña desde o 9 de abril ata o 17 de maio.

OUTRAS

As dependencias do Museo acolleron ademais tres exposicións organizadas por outras entidades:

- 18 xan-9 marzo, exposición fotográfica sobre os Xenerais da Ulla, organizada polos Concellos de A Estrada, Boqueixón, Santiago, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces.
- 11-30 marzo, exposición dos traballos galardoados e seleccionados no 9º Premio de Fotografía Xurxo Lobato (socio do Museo) para alumnado de ensino medio.
- 9 abril-1 maio, Manuel Rodríguez López, emigrante, poeta obreiro, promovida por GaliciaDigital e a familia do escritor, co apoio dos Concello de Paradela e Lugo, Deputación de Lugo e as Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura da Xunta de Galicia. Na súa exposición en Compostela colaboraron o Concello de Santiago e o Museo do Pobo Galego.

5. EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

En 2013, contabilizáronse unhas 10.500 persoas que usaron ou participaron dalgún dos servizos ofrecidos polo DEAC. Nesta cifra inclúense aquelas persoas que se asesoraron, solicitaron información, acordaron unha visita ou participaron nalgunha das actividades didácticas ou culturais, excepto os que proveñen do programa para maiores do Ministerio de Asuntos Sociais cos que hai un acordo específico. Unha vez analizados os datos sobre usuarios e usuarias do DEAC, observamos o seguinte:

- Un descenso de grupos, posiblemente debido a unha maior oferta alternativa ao Museo e á situación precaria na que se atopan moitos centros escolares, lugar de onde proceden a maior parte dos grupos. Aínda con esta dinámica de descenso, o colectivo de escolares de fóra do Estado incrementouse, sobre todo aqueles que proceden de Francia.
- Entre os grupos escolares que acordan a visita co DEAC, case un 50% opta por facela por libre. Pensamos que os motivos son: o económico, xa que o prezo simbólico dos servizos de didáctica (0.70 ct.) sumado a outros gastos da saída fai que elixan a opción gratuíta; e a escaseza de persoal do DEAC (unha persoa a xornada completa e outra a media xornada), xa que ao non poder ser atendidos o día que o desexan, optan por facer a visita igualmente pero por libre.
- A maioría das persoas usuarias do programa de acción cultural ten máis de 35 anos, aínda que parece ir aumentando o grupo de entre 25 e 30 anos.

Aproveitamento didáctico e acción cultural maio 2013/abril 02014

a) Didáctica

A **programación escolar** continuou, durante o primeiro semestre de 2013, coas visitas dirixidas e con actividades como *Xogos Bailados*, *O remuíño das pistas*, *Ferramentas en mimo!*, e *Pan e peixe*. En setembro, púxose en marcha a **programación escolar 2013-2014** que, como novidade respecto ao curso anterior, conta cunha oferta máis específica para a FP e a Universidade.

Abellas, 4 de xullo. Para público infantil encol da apicultura como actividade tradicional pero tamén da importancia medioambiental das abellas.

En canto ás accións didácticas para visitantes autónomos, o 17 de maio presentouse **Contidos en anacos**, unha guía do mesmo tipo que *O Remuíño que se fixo escaleira*, dirixida a visitantes adultos. Non supoñen ningún custe adicional sobre a entrada e están dispoñibles en galego, castelán e inglés.

No que toca á colaboración con outras entidades, estase a traballar co servizo de actividades e proxectos educativos do **CGAC** para por en marcha un programa conxunto de achegamento á arquitectura. O traballo principal neste programa vaise desenvolver a través do **Sistema Lupo**, do arquitecto Fermín Blanco, que consta dunha serie de pezas modulares que permiten múltiples posibilidades de combinación.

Iniciouse tamén un proxecto coa **Asociación Galega de Enfermos de Alzheimer (AGADEA)** no que procuráramos ferramentas que permitan usar o Museo como recurso de traballo coas persoas que sofren algún tipo de deterioro cognitivo.

Celebramos o **Día Internacional da Música**, o 21 de xuño, co alumnado da **Escola Play** que fixo nas salas do Museo o seu concerto de fin de curso.

b) Accións culturais para público xeral:

Día Internacional dos Museos 2013, en colaboración co CGAC, a Fundación Granell, o Museo Catedral de Santiago, MUPEGA e o Museo das Peregrinacións, organizando un circuíto de actividades desde o martes 14 ao martes 21 de maio e unha estratexia de difusión conxunta.

VII Mostra de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego. Do 4 ao 14 de xuño coa proxección de cintas etnográficas producidas nos dous últimos anos, a sección Espiello, a dedicada a cinema histórico e a presentación de propostas audiovisuais como o proxecto Socheo da Garda.

Café da Memoria. O 26 de xuño celebrouse *Gaiteiras*, tentando visibilizar as mulleres en campos nos que, pola súa condición feminina, quedaron agochadas. O 26 de setembro *Titiriteiros*, organizado en colaboración coa Asociación Morreu o Demo, que ten como obxectivo a recuperación do patrimonio vinculado ao teatro popular.

Para Bailar veño eu. 20 de setembro. Obradoiro teórico e práctico sobre a muiñeira para persoas sen coñecementos. Impartido pola educadora do Museo Carne Campo que é ademais mestra de baile.

Olladas sobre o Museo. A animación. 8 de novembro. Por sétimo ano consecutivo contamos cunha mirada diferente sobre o MPG. Desta vez, Illa Bufarda, empresa dedicada a proxectos audiovisuais, traballou desde a animación esta Ollada que, en catro pezas, revisa e actualiza a visión do Museo sobre o arquitectónico, o paisaxístico, o económico e o social.

Tesouros vellos para xente nova. 12 de decembro. Proposta encadrada no marco dun Proxecto Grundtvig no que o Museo está inserido como modelo de boas prácticas. É unha Biblioteca Vivente na que se toma como libros a persoas con experiencias vitais relevantes nos temas que se queiran tratar. Os e as lectoras foron estudantes do Grao de Mestre da USC. Diego López, Celso Fdez. Sanmartín, Maruxa de Os Rosales, María Xosé Silvar "Sés", Anxo García de Viravolta, Belén Fervenza, Helena e Alfonso Ferro, foron os libros.

Prende no Colo. 30 de xaneiro. Obradoiro didáctico para nais, pais e crianzas de 0 a 3 anos encol con xogos musicais tradicionais.

Máscaras tradicionais. O Entroido Ribeirao. 21 de febreiro. Palestra dos membros da Asociación de Amigos do Entroido Ribeirao.

Sofía Casanova, correspondente de guerra. Co gallo do 8 de marzo o Museo organizou varias actividades, entre as que estaba a proxección do documental *A maleta de Sofía*, de Marcos Gallego, precedida dunha introdución á figura desta xornalista a cargo de Encarna Otero.

Presentación do documental **José Gil. Fotógrafo e pioneiro do cine** de Miguel Romero. 3 de abril. Interviñeron Manolo González, biógrafo de José Gil, e o director da película.

A voltas co baile. 26 de abril. 3ª edición deste obradoiro de baile tradicional, que nesta edición impartiu Olga Kirk sobre a xota.

Outras actividades

A comunicación social é unha parte fundamental da difusión, o que nos levou, desde o DEAC, ao uso regular das redes sociais, dos medios tradicionais e da web en cuxa remodelación se traballou desde todos os departamentos, procurando maior eficacia e rendemento da mesma.

O DEAC funciona como lugar de prácticas para estudantes e titulados recentes e tamén é requirido como asesor e como obxecto de traballos de investigación. Neste sentido, hai que comentar que rematou o proxecto de investigación *Avaliación Cualitativa de Programas Educativos en Museos de España* e que xa se nos entregou o informe final. Como consecuencia do traballo a directora do proxecto, a profesora Roser Calaf, e o investigador Miguel Suárez, dedicaron ao Museo unha comunicación que presentaron en congresos de educación en Barcelona e en Portugal baixo o título *El Museo do Pobo Galego como exemplo de una museología y acción didáctica integradoras*.

Así mesmo, Tomé Laxe doutorando nun grupo internacional dedicado á educación en museos na universidade checa de Palacký, presentou a comunicación *The Museum of Galician People or how to discover a collective identity in a nation without state* sobre o traballo do DEAC con distintos colectivos. O “paper” foi para a Conferencia internacional de contidos educativos en Museos, celebrada na cidade de Olomouc en abril.

Enfoque de xénero e accións visibilizadoras no Museo do Pobo, foi a comunicación coa que interveu a responsable do departamento no *I Congreso de Xénero, Museos e Arte* organizado pola Rede Museística Provincial de Lugo, o MUSAC, Museo de León e Centro de Museología de Murcia.

Colaboracións

- CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea)
- AGADEA (Asociación Galega de Enfermos de Alzheimer)
- Asociación Ítaca no ámbito do Proxecto Grundvitg *Grand Treasures*
- Cineclub de Compostela
- USC a través dos programas de clases prácticas que o plan Boloña integra nos Graos de Historia e Ciencias da Educación.

Agradecementos

Asociación de Gaiteiros Galegos
AGADEA
Cineclub de Compostela
CIM Ribadeo
CGAI
Comarca de Sobrarbe
Escola de música Play
Filmoteca Nacional
María Abelleira Fontán
José Armas
Francisco Araújo Ferreira
Zaira Caamaño
Chus Caramés
Cástor Castro
Pablo Cayuela
Nerea Couselo

Soledad Felloza
Xan Gómez Viñas
Luisa González
Sabela Iglesias
Maca Igrejas Rocamonde
Ramón López Facal
Concha Losada
Xoán Ramón Marín Martínez
Patricia Noya Ruibal
Encarna Otero
Adriana P. Villanueva
Sabela Pillado
Luis Prego
Carlos Rodríguez Osorio
Montserrat Serodio Alonso
Petri Serrano

e aos compañeiros e compañeiras do Museo sempre dispostos a resolver e botar unha man nas cuestións técnicas e de “intendencia” que resultan da actividade do DEAC.

6. OUTRAS ACTIVIDADES

O 29 de outubro conmemorouse o 36 aniversario da inauguración do MPG. As persoas que nos visitaron foron agasalladas con publicacións dos nosos fondos, houbo visitas guiadas e, ao mesmo tempo, proxectouse no claustro un carrusel de imaxes que falan da historia da institución.

O 6 de marzo organizouse a conferencia coa que celebramos o Día da Muller. Nesta ocasión estivo a cargo da xornalista Áurea Sánchez, con *Xornalismo pola igualdade de xénero*.

7. O MUSEO ACOLLE

As nosas dependencias seguen acollendo numerosas actividades organizadas por entidades alleas, moitas veces con colaboración do noso persoal.

MAIO	2	Aprendendo cos maiores: o liño. Actividade organizada pola Facultade de CC. da Educación da USC
	11	Encontro de creadores organizada por Antón Sobral
	20	Xuntanza da Fundación Castelao
XUÑO	15	Cápsulas 2013. Desfile de moda organizado pola Escola de Arte e Deseño Mestre Mateo de Santiago
	19	Reunión da Asociación Galega de Xestores Culturais
	20	Presentación do documental de Jaime Santos Álvarez, <i>Hórreos: Cofre e tesouro de Asturias / Horros: Ayalga y arca d'Asturies</i>
	25	Sesión do programa Urbana norte, Concello de Santiago
	26	Concerto de arrolos no xardín do claustro, presentando o proxecto Arrolos de Salitre, asociacións do Barrio de San Pedro
	28	Actuación dun grupo de teatro das asociacións veciñais do barrio de San Pedro, dentro das festas patronais
	3	Sesión do programa Urbana norte, Concello de Santiago
XULLO	6	Proxección do documental biográfico sobre Alexandre Bóveda, "A Fazaña da Liberdade", producido por Filmika Galaika
	18	Presentación do libro "Memoria Salgada dun pobo", de Santiago Llovo, editado pola Consellería de Medio rural e do Mar
	27	Xurado do XXXV Certame de Traxe Tradicional Galego
	13	Reunión de equipos de investigación sobre procesos de nacionalización, das Universidades do País Vasco, Autónoma de Barcelona, Salamanca e Santiago
SETEMBRO	9	Recepción aos participantes no programa "Reencontros na Terra" da Secretaría Xeral de Emigración
OUTUBRO	19	Asemblea de EsCULcA (Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades)
	20	Rolda de prensa da Asociación Arela
NOVEMBRO	23	Asociación Arela, conmemoración do Día dos dereitos dos nenos e as nenas
		Asemblea do Padroado da Fundación do Pedrón de Ouro
	30	Reunión de franquiciados da firma Rei Zentolo, que participara no I Foro Isaac Díaz Pardo de Empresa e Cultura
		Xuntanza da Real Academia Galega de Belas Artes. Despois da reunión tivo lugar o acto de recepción do Prof. Dr. Fernando Acuña Castroviejo como académico de número
DECEMBRO	12	Presentación do proxecto Tesouros Vivos do Mar impulsado desde o Concello da Guarda e realizado pola Asociación Ponte... nas Ondas
	14-15	Mercado da Estrela: cultura, artesanía, solidariedade, lecer
XANEIRO	18	Asemblea da Fundación Galiza Sempre
		Acto de recoñecemento aos Xenerais da Ulla pola declaración como Festa de Interese Turístico
		Proxección do filme <i>Asolagados</i>

FEBREIRO	8	Asemblea da AELG
	12	Reunión de equipos de investigación sobre procesos de nacionalización, das Universidades do País Vasco, Autónoma de Barcelona, Salamanca e Santiago
	25	Presentación do libro <i>El retrato y la muerte</i> , proxecto de Virginia de la Cruz Lichet sobre a fotografía post mortem nos séculos XIX e XX, organizada pola Secretaría Xeral de Cultura.
MARZO	11	Presentación do premio Irmandade do Libro
	14-15	Dúas sesións do Festival internacional de Narración Oral Atlántica, con intervención do narrador camerunés Boni Ofogo, e unha maratón de narración.
	21	Xuntanza da directiva de AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agrarias)
	22	Asemblea da Sociedade Galega de Historia Natural
	29	Asemblea do Consello Galego de Museos
ABRIL	2	Entrega de premios da Semana do Teu Comercio, programa da Dirección Xeral de Comercio
	28	Presentación de produto da Cooperativa Agraria Provincial da Coruña (socio protector)

Tamén os medios de comunicación, en particular as produtoras que traballan para a TVG, utilizan con frecuencia os espazos do Museo para gravaren diferentes programas.

8. INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES

8.1 A tradición como fonte de innovación e factor de excelencia, o I FORO “ISAAC DÍAZ PARDO” EMPRESA E CULTURA

Entre os fins do IEI está o de establecer e desenvolver liñas de investigación e de intervención sociocultural nos diferentes ámbitos que lle son propios ao Museo. Así, decidiuse abrir un foro de reflexión e debate sobre o papel das empresas na cultura galega e da cultura galega nas empresas, que a súa vez fose unha homenaxe a Isaac Díaz Pardo, por ser o mellor referente da conxunción Empresa e Cultura. Esta primeira convocatoria, que se celebrou sábado 15 de xuño de 2013, centrouse no que a cultura propia de Galicia pode achegar á actividade produtiva das empresas e como contribuír á consecución de novos produtos que, respondendo ás necesidades da sociedade, se incardinan na tradición cultural. O foro permitiu dar a coñecer algunhas experiencias galegas e doutros países sobre produtos de empresas que basean a súa actividade en elementos da tradición cultural.

Na apertura da sesión participaron, xunto ao presidente do Padroado, prof. Justo Beramendi, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación universitaria, D. Jesús Vázquez Abad, e mais o deseñador e publicista Xosé Díaz Arias, fillo de Díaz Pardo. A clausura correu a cargo de D. Borja Vereza Fraiz, secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria.

As intervencións foron as seguintes:

1. Entreprise du Patrimoine Vivant, un selo de saber facer e excelencia. Mme. Anne-Laure Halphen. Institut Supérieur des Métiers, Francia
2. O viño tostado do Ribeiro. D. Argimiro Levoso. Viña Costeira, Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, SCG. Galicia
3. Rías Baixas, Prototypes. D. Juan Ares. Galicia
4. Embarcación de lecer con deseño de Racú. D. Xerardo Triñanes. Estaleiros Triñanes Domínguez S.L. Galicia
5. Camisetas. D. Salvador Vázquez. Rei Zentolo. Galicia
6. Os lenços de namorados. D^a Paula Isaias. Aliança Artesanal. Portugal

8.2 APOI

Estase tramitando a través do ILGA o ingreso no APOI dun fondo documental de gravacións do antropólogo danés Gustav Henningsen, quen traballou en Galicia entre 1963 e 1968. Trátase

dun material de grande interese por mostrar un momento fundamental no que a sociedade galega cambia a unha velocidade sorprendente.

Está xa dixitalizado o material da tese de Rosa García Orellán, profesora da UNED, e empezouse coas cintas musicais da colección doada pola Asociación Galega de Gaiteros.

Realizouse un vídeo sobre a festa de mouros e cristiáns de Trez, no concello de Laza, encargado a José M. Salgado baixo a dirección do patrón Sr. González Reboredo.

O pasado entroido recolleuse tamén en vídeo os Xenerais da parroquia compostelá de Marrozos, a cargo de José M. Salgado coa dirección dos patróns González Reboredo e Vilar Álvarez.

8.3 Foro “Natalidade e Vellez en Galicia”

Está preparada a publicación correspondente, onde se recollen os resumos dos debates, textos académicos sobre a situación da natalidade en Galicia e unha enquisa con persoeiros para que dan a súa visión sobre o tema. Trátase dunha coedición con Xerais, e conta co apoio da Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Xunta de Galicia.